

Marzo 2015



Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa

Declarado de Utilidade Pública



Estamos xa no mes da primavera, xa hai vontade de saír da casa, disfrutar do bo tempo. Por qué non pasar pola Xuventude? Continuamos a ofrecer as nosas actividades dirixidas a todas as idades e a todos os gustos, desta forma mantemos vivo o espírito que nos move para promover a cultura e as tradicións de Galicia.

Destacamos a continuidade do curso de Cultura Galega Actual que quincenalmente acolle aqueles interesados na actualidade galega en todos os seus aspectos, non deixamos de facer tamén as nosas “Foliadas” no noso restaurante degustando algunhas tapas tradicionais. Cara a cultura, estamos a achegarnos ao mes das Letras Galegas, non deixando de ir presentando algúns libros e facendo exposicións.

Resta aínda dar continuidade ao traballo que vimos facendo en adaptar o funcionamento da Casa ao esixido pola nova Lei da Galegidade na que se integra a actualización do rexistro para o recoñecemento de Comunidade Galega afincada fora de Galicia para a Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa. Deixamos aquí unha chamada a tódolos socios para participar na revisión de estatutos a decorrer, pois é un asunto en que todos deben colaborar para asegurar o futuro da Casa, e desta forma participar activamente de maneira máis estreita na vida cotián de Galicia.

Álvaro Moreira

13 e 27 Marzo

Curso de Cultura Galega

19:00h - Sala Multiúsos

Máis dúas sesións do:

De 15 a 15 | Curso de Cultura Galega Actual

Curso sobre Cultura Galega Actual organizado polo Centro de Estudos Galegos da Facultade de Ciencias Sociais e Humanas, Universidade Nova de Lisboa e a Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa.

De 13 de febreiro a 19 de xuño—dúas sesións mensuais (venres das 19h ás 20:30h)

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com



Nesta edición:

Curso Cultura Galega Actual	1
Presentación Libro	1
Asamblea Xeral Extraordinaria	2
Sesión Contacontos	2
Curso Cantería	2
Restaurante Álvaro Cunheiro	2
Cotas socios/as	2

HORARIO SECRETARIA			
DIA	MANHÁ/MAÑÁ	ALMOÇO XANTAR	TARDE/TARDE
SEG/LUN	11:30 14:00		15:00 20:00
TER/MAR	12:00 14:00		15:00 21:30
QUA/MÉR	11:00 14:00		15:00 20:00
QUI/XOV	11:00 14:00		15:00 20:30
SEX/VEN	10:30 14:00		15:00 19:00

20 Marzo

Presentación libro

“Caminho do Amor”


Diário de um Caminho a dois rumo a Santiago

Na Primavera de 2013, o Alexandre e a Anabela pegaram nas suas mochilas e percorreram a pé o milenar Caminho Francés de Santiago. Mas calorrear os 800 km que separam a vila francesa Saint-Jean-Pied-de-Port de Santiago de Compostela foi muito mais do que a viagem geográfica que antecipavam. Foi acima de tudo uma viagem interior, de reflexión, de descuberta...

O Caminho, entre as imponentes montañas dos Pirenéus e a capital galega, é composto por una infinidade de minúsculos mosaicos compostos por encontros e desencontros, rascunhados de estórias de vida, pincelados de sorrisos e lágrimas, esboçados de sonhos e medos, moldados por conquistas e derrotas, adornados por sinais, abrihantados de Amor. Foram días únicos, irrepitíveis, incomparáveis.

É o relato desses días que o leitor agora tem na mão.

Remátase a presentación con un viño de honra



Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com

23 Marzo

Asemblea Xeral Extraordinaria

15:30h—Biblioteca Manuel Boullosa
Conforme convocatoria en anexo

Máis informacións: Separadores "Estatutos" e "nomutua", en Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com



27 Marzo

Sesión de Contacontos con Avelino González

19:00h no Centro Galego de Lisboa

Entrada Libre

Avelino González é unha das figuras relevantes do teatro e do audiovisual galegos na actualidade. Amplamente coñecido tamén polos seus traballos no ámbito da narración oral, como contacontos e monoloxuista, participou como actor nalgunha das series máis exitosas da TVG nas últimas décadas, como *Rías Baixas*, *As leis de Celavella*, *Terra de Miranda* ou *Padre Casares*. Fundador das compañías Tranvía Teatro e Ollomol Tranvía, traballou como actor con prestixiosas compañías como Teatro do Aquí, Teatro do Noroeste ou o Centro Dramático Galego, e foi o director da exitosa *Bicos con lingua*, de Talía Teatro. Foi recoñecido en varias ocasións cos Premios María Casares de Teatro, polo seu traballo como actor, escritor e tradutor.

Como contador de contos, Avelino González destaca por mesturar con mestría o sentido do humor, a rica tradición oral galega, a lírica das nosas vidas cotiás e a memoria da nosa comunidade humana.

Máis informacións e inscricións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com




FACULDADE DE CIÊNCIAS
SOCIAIS E HUMANAS
UNIVERSIDADE NOVA DE LISBOA



Xuventude de Galicia
Centro Galego de Lisboa



Curso Cantería



Xa deu inicio

Infórmate
Inscríbete

Informacións e inscricións:
Secretaría do Centro polo
Telf.: 218853680 ou polo
geral@juventudedagaliza.com



RESTAURANTE
ÁLVARO CUNQUEIRO

Xuventude de Galicia-Centro Galego de Lisboa

Xantares e ceas de grupo
por reserva

Restaurante Álvaro Cunqueiro
Telf.: 21 882 13 92

Imos de tapas?

Tapas
venres e sábados
pola noite
Visítanos!

E no vindeiro mes de abril....

11 Abril - Inauguración exposición fotografía de Alberte A. Pereira

22 Abril - Clausura de las IV Jornadas de Lingüística Hispanica - "Armonía y contrastes"

Máis informacións serán enviadas oportunamente e publicadas na nosa web e páxina de seguidores en Facebook

Cota socio/a

Si non podes achegarte a Secretaría no seu horario de funcionamento, de luns a venres o si non che cadra pasar durante a semana polo Centro, sempre que queiras poderás actualizar as túas cotas por transferencia bancaria.

Sempre que o fagas agradecemos que discrimines na transferencia o teu nº de socio e/ou o nome e nos mandes o comprobatorio (por exemplo por correo electrónico).

Para a nosa Casa, as cotas dos socios son de unha grande axuda para o día a día

Juventude da Galiza—Centro Galego de Lisboa

NIB: 001 800 000 090 063 100 189

Banco Santander Totta

Informacións: Secretaría do Centro polo Telf.: 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com

